



Concello do Porriño

## Convenio de colaboración entre o Concello do Porriño e a Entidade Local Menor de San Juan de Chenlo

No Porriño a 20 de marzo de 2017.

### Reunidos:

Dunha parte Eva García de la Torre actuando en representación do Concello do Porriño en virtude do seu cargo como Alcaldesa Presidenta.

Doutra, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, con DNI 76907670V en virtude do seu cargo como alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de San Juan de Chenlo (P3600012C), e actuando no seu nome e representación de conformidade coas facultades que lle confire a lexislación vixente,

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### Manifestan:

**Primeiro:** Que o artigo 164.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que as facendas das entidades locais menores estarán constituídas, entre outros, polos seguintes recursos:

*"f) A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no decreto de creación. Esta participación non será en ningún caso inferior ao vintecincos por cento dos que se devenguen no ámbito territorial da entidade"*

**Segundo:** Entanto non sexa determinada esta porcentaxe nos impostos devengados no ámbito territorial da Entidade local Menor de Chenlo, ambas partes teñen a vontade de asinar un convenio de colaboración económica para o presente exercizo, por importe de 40.000 euros.

**Terceiro:** Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 6 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

### Cláusulas:

#### 1.- Dotación Económica.

O Concello do Porriño comprométese a entregarlle á Entidade a cantidade de 40.000,00 euros, amparado na aplicación orzamentaria é nominativa 943.46800 para o orzamento de 2017.



## Concello do Porriño

### 2.- Vixencia.

O presente convenio terá vixencia e efectos dende o 1 de xaneiro de 2017 e ata 31 de decembro de 2017.

### 3.- Destino e xustificación dos fondos.

A aportación económica a efectuar polo Concello de O Porriño, ten carácter indiferenciado e non ten como destino un gasto singularizado, senón que vai destinada a financiar globalmente a actividade que ten atribuída legalmente a Entidade Local San Juan de Chenlo.

A tal efecto a Entidade Local Menor comprométese a destinar os fondos a financiar gastos correntes necesarios para o funcionamento da entidade.

A Entidade Local Menor conta con un orzamento para o exercicio económico do 2017, prorrogado de 2016 que ascende a un total de 117.450,00 euros no estado de ingresos e 75,974,40 no estado de gastos, coa seguinte distribución.

A previsión de ingresos é a seguinte:

Transferencia Concello do O Porriño	40.000,00 euros
Taxas prezos públicos e outros ingresos	200,00 euros
Ingresos patrimoniais venta de madeira (explotacións forestais)	117.250,00 euros
<b>TOTAL</b>	<b>157.450,00 euros</b>

A distribución dos gastos é a seguinte:

Gastos de persoal	36.000,00 euros.
Gastos en bens correntes e servizos	39.824,40 euros.
Gastos Financeiros	150,00 euros.
<b>Total</b>	<b>75.974,40 euros.</b>

### 4.- Forma de pagamento.

O pago da aportación comprometida de 40.000,00 euros realizarase dunha soa vez unha vez asinado o Convenio.

### 5.- Comisión Mixta de seguimento do Convenio.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento do convenio, composta por dos representantes da Entidade Local Menor de Chenlo, e dous representantes do Concello, esta



Concello do Porriño

comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puideran suceder durante o desenvolvemento do convenio.

#### 6.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten naturaliza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

A Entidade Local Menor de San Juan de Chenlo renuncia expresamente, en virtude do presente Convenio a formular ningunha reclamación, así como o exercicio de calquera acción ben sexa de tipo xudicial ou administrativo, en concepto de "ausencia de crédito orzamentario para atender as obrigas derivadas do artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

En ningún caso o persoal a cargo da Entidade Local Menor, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello do Porriño. A entidade deberá cumprir coa normativa vixente en materia laboral, fiscal e de Seguridade Social.

#### 7.- Incumprimento do Convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio, constituirá causa suficiente de rescisión deste e como consecuencia, o reintegro das cantidades percibidas para o que se aplicará por analogía os termos e procedemento previsto para o reintegro de subvencións no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coas debidas adaptacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, someténdose ambas ao acordado en todas as cláusulas.

Exténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

**Polo Concello do Porriño**



**A Alcaldesa – Presidenta**  
**Eva García de la Torre**

**Pola Entidade Local Menor de Chenlo**



**O Alcalde - Pedáneo**  
**Manuel Alejandro Lorenzo Alonso**